



C O N C E R T O

[IN]STABILES ENSEMBLE

Adrián País e Xabier Casal

MARTES 3 DE XANEIRO DE 2017

PARANINFO DA UNIVERSIDADE



BIOGRAFÍA

O *[in]stabiles ensemble* fúndase no ano 2015 de man dos saxofonistas Adrián Pais e Xabier Casal. Ambos levaron a cabo os seus estudos superiores de saxofón en España, para posteriormente continuar a súa formación xunto a Marie-Bernadette Charrier no Conservatorio 'Jacques Thibaud' de Burdeos. Alí adquiren un compromiso co instrumento así como no repertorio existente e de nova creación, e tras numerosos proxectos persoais xurde a idea dun proxecto conxunto, nacendo así esta formación.

Pese á súa xuventude, estes dous músicos obtiveron xa numerosos recoñecementos. Recibiron premios en numerosos concursos internacionais en España, Suíza ou

Alemaña. Actuaron como solistas con diferentes orquestras e outras formacións cultivando unha longa traxectoria de concertos en España, Portugal, Suíza, Alemaña, Italia, Reino Unido, etc.

Xabier é membro de Fukio Ensemble e Adrián de Art Sound Quartet. Con estas dúas formacións desenvolven un traballo profundo da música de cámara. Realizan distintas gravacións discográficas e participan en numerosos festivais internacionais sendo retransmitidos por RTVE, Radio Cataluña, Radio Galega, WDR, Radio France ou Deutschlandfunk.

Entre os dous xa presentaron varios traballos discográficos e coa



perspectiva de próximos proxectos para o vindeiro ano.

Interesados na nova creación traballan con numerosos compositores como Fabien Lévy, Juan Arroyo, François Rossé, Thierry Alla, Matias Far, Juan Eiras, Eckart Beinke, Agustín Charles ou Christophe Havel, estreando numerosas obras en diferentes festivais.

Na faceta pedagóxica os dous realizan diferentes masterclass tanto en conservatorios de grao profesional como de grao superior así como diversos cursos e seminarios en Galicia, Madrid, Barcelona ou Andalucía.

PROGRAMA

DIACRONÍAS I (2015)

Juan Eiras (1977)

saxofón barítono

DUO SONATE IN E MINOR F.54

W. F. Bach (1710-1784)

para dous saxofóns altos

SONATA Wq 132

C. P. E. Bach (1714-1788)

para saxofón soprano

KONZERTSTÜCK (1933)

Paul Hindemith (1895-1963)

para dous saxofóns altos

BUG (1999)

Bruno Mantovani (1974)

para saxofón alto

SONATA (1918)

Francis Poulenc (1899-1963)

versión para saxofón alto e soprano



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL



COCINA ECONÓMICA DE SANTIAGO

Concerto solidario con achega voluntaria a
favor da Cociña Económica de Santiago.